



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE OUTUBRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00045880A.**

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta da sesión extraordinaria-urxente de data 7 de outubro de 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00038715H.**

#### **Legalización e remate de vivenda unifamiliar situada no Lg Torre Blanca San Martiño e Aríns.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/08/2021 e a documentación presentada o 20 e 29/04/2022, cun orzamento de execucion material de 118.000,00 , legalización e remate de vivenda unifamiliar situada no Lg Torre Blanca San Martiño de Aríns Parcela 552/A3Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00018140R.**

#### **Licenza de obra nova para construción de nave destinada a transporte e almacenamento na Rúa de Castela-A Mancha, 27-29.**

Acórdase CONCEDER a INVERSIONES SUBEL SL. licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial destinada a axencia de transportes de mercadoría e almacén loxístico na RUA DE CASTELA-A MANCHA, 27-29, parcela E4b02a e E4202b, do Polígono da Sionlla, co visado colexial de data 06.04.2022 e anexos de data 22/05/2022 e 12/07/2022, cun orzamento de execución material de 1.917.074,64.

As actuacións consistirán construción de nave industrial de planta baixa destinada a transporte e almacenamento de mercadoría cunha ocupación en planta de 9.519,55 m<sup>2</sup> e altura de 10 metros. A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 4 Edificación Semiadosada Variante 4B do Proxecto sectorial da Sionlla

### **4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00002162X.**

#### **Licenza de obra nova para construción de pensión na Rúa Vencello, 26.**

Acórdase CONCEDER licenza de OBRA NOVA para construción de pensión na RÚA VENCELLO, 26 segundo Proxecto básico e anexo con data de rexistro de 04/01/2022 e 18/03/2022 e Proxecto de execución co visado colexial de data 04/05/2022, cun orzamento de execución material de 25.100 €, baixo a dirección de obra do proxectista.

As actuacións consistirán na construción dunha pensión de tres cunha superficie construída de 137,57 m<sup>2</sup>, ocupación en planta de 55,25 m<sup>2</sup> e altura máxima de sete metros.

A edificación está situada en solo clasificado como núcleo rural no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 14 de extensión de núcleos rurais.

**5. PATRIMONIO. Referencia: 2022/00039947G.**

**Estimación da solicitude de prórroga do prazo para solicitar a licenza de edificación establecido no alleamento da participación municipal no quintero 2 do SUP-1.**

Acórdase estimar a solicitude de Santiago sur Galicia SL prorrogando un ano o prazo para solicitar a licenza de edificación establecido no alleamento da participación municipal no quintero 2 do SUP-1.

**6. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/485/2018.**

**Corrección de erro do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación da certificación final da obra de “Reurbanización da rúa Clara Campoamor”.**

Acórdase aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de reurbanización da rúa Clara Campoamor emitida por ACCIONA CONSTRUCCION S.A, por importe de 126.651,82 euros.

**7. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00027847W.**

**Aprobación inicial da subvención solicitada polos propietarios de vivendas que conforman a C.PP. Samos 6, correspondente á convocatoria do Concello de subvencións á rehabilitación de vivendas de data 5.8. 2019, en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral de seguimento do Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021, en materia de actuacións na Área de Rexeneración e Renovación Urbana grupos de vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios” do barrio de Pontepedriña FASE 6.**

Acordase aprobar inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2019/2/PONTE/6, concedendo a subvención solicitada, en favor de 15 propietarios, por un importe total de **58.356,61 euros**.

**8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00045726X.**

**Solicitude de participación no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación no ámbito do Casco Histórico a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-nextgenerationEU, segundo á Resolución do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137 de 19 de xullo).**

Acórdase solicitar a participar na convocatoria ao Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio para a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios residenciais no marco do Plan de recuperación, recollida na Resolución da Xunta do 8 de xullo 2022 que regula o procedemento de participación, no ámbito do Casco Histórico nas contías e anualidades recollidas nos seguintes cadros, tendo en conta que as cantidades consignadas como aportación do Concello refírense exclusivamente aos gastos de persoal funcionario existente na Oficina nestes momentos:

ANUALIDADE 2023					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidad económica	Retirada amianto	50	Rehabilitación	1.370.024,87 €	634.705,32 €
			Urbanización		
			Oficina Rehab. «Portelo único»	138.654,43 €	40.000,00 €
			Realoxos temporais		
45,16%		TOTAL	1.508.679,30 €	674.705,32 €	
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2022 (en número de vivendas):				50	

ANUALIDADE 2024					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto	100	Rehabilitación	2.740.049,74 €	1.269.410,63 €
			Urbanización		
			Oficina Rehab. «Portelo único»	142.120,79 €	80.000,00 €
			Realoxos temporais		
45,16%		100	<b>TOTAL</b>	2.882.170,53 €	1.349.410,63 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2024 (en número de vivendas):					100

ANUALIDADE 2025					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto	100	Rehabilitación	2.740.049,74 €	1.269.410,63 €
			Urbanización		
			Oficina Rehab. «Portelo único»	145.673,81 €	80.000,00 €
			Realoxos temporais		
45,16%		100	<b>TOTAL</b>	2.885.723,55 €	1.349.410,63 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2025 (en número de vivendas):					100

RESUMO REPARTO POR ANUALIDADES					
Anualidade	Ministerio (con cargo Outras aportacións Anualidade ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEU)	Outras aportacións			TOTAL
		Concello	Outras administracións públicas (1)	Promotores privados	
2022					
2023	674.705,32	138.654,43		735.319,55	1.548.679,30
2024	1.349.410,63	142.120,79		1.470.639,11	2.962.170,53
2025	1.349.410,63	145.673,81		1.470.639,11	2.965.723,55
<b>TOTAL</b>	3.373.526,58	426.449,03		3.676.597,77	7.476.573,38

**A petición de subvención sería para as anualidades de 2023, 2024 e 2025, de 3.373.526,58 euros e permitiría actuar sobre unhas 250 vivendas**

## 9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059537W.

### **Aprobación do expediente do servizo de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas do Concello de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar o expediente denominado “Servizo de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas do Concello de Santiago de Compostela”, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de:

Orzamento base de licitación sen IVE: 1.844.252,00 euros.

IVE 21%: 387.292,92 euros.

Orzamento base de licitación co IVE: **2.231.544,92 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

2022 € (2 meses): 185.962,08 €

2023 (12 meses): 1.115.772,46 €  
2024 (10 meses): 929.810,38 €  
Total: 2.231.544,92 €

**10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00009200X.**

**Dar conta da sentenza núm. 212/2022 recaída no Procedemento Abreviado 47/2022 CA2.**

Dase conta da sentenza nº 212/2022. PA 047/2022 CA2

Demandante: Financiera maderera SA

Obxecto: desestimación recurso de reposición contra liquidacións complementarias ICIO e taxas urbanísticas. Contía: 29.492,04 €.

**SENTIDO DA SENTENZA**

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A recorrente pretendía, en síntese, o seguinte:

- a. Eliminar da base imponible o beneficio industrial e gastos xerais de 19 empresas que, segundo aquela, tiñan intervido na obra como construtoras e non como subministradoras.
- b. Excluir da base imponible os conceptos “sinalización e seguridade” e “portes”.
- c. Subsidiariamente, de entenderse correcta a base imponible calculada polo Concello, anular as liquidacións complementarias por non ter en conta os pagos feitos.

Sobre a primeira cuestión, o xulgado rexeita a pretensión comezando polo certificado final de obra, que literalmente di “executado por administración”; o que supón que o promotor exerza funcións de contratista, e impide a exclusión interesada. Sobre a alegación de que os plans de seguridade e saúde eran elaborados polas 19 empresas –como indicio de execución de obra e non de mero subministro-; o xulgado responde que ditos plans eran idénticos (elaborados pola recorrente), e que ningún estaba asinado polos representantes destas 19 empresas.

Finalmente, o xulgado rexeita a proba interesada polo recorrente –contratos e orzamentos de subministro- porque ningún vai acompañado da correspondente factura.

O xulgado tamén rexeita neste punto o precedente exposto pola demandante (PA 339/2019), porque desta volta dedúcese, xa na vía administrativa, que FINSA actuou como construtora principal.

Con respecto ao concepto “portes”, o xulgado acolle os argumentos municipais (integran o custe de execución material, pola súa necesidade). Igualmente, os conceptos “sinalización” (elementos que se integran na obra con vocación de permanencia) e “seguridade e saúde” (son gastos necesarios e particulares da obra). Por último, a cuestión subsidiaria tamén é rexeitada porque tratase dunha pretensión non exposta na vía administrativa.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería - Inspección para o seu coñecemento.

**11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00045332F.**

**Dar conta da sentenza núm. 213/2022 recaída no Procedemento Abreviado 230/2021 CA2.**

Dase conta da sentenza nº 213/2022. PA 230/2021 CA2

Obxecto: solicitude de corrección do cuadrante anual nas horas efectivas de traballo.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O recorrente entendía que o Concello estaba a esixirlle 46 máis horas nocturnas ao ano das que dispoñía o Acordo Regulador; debendo corrixirse o cálculo para os cuadrantes futuros.

A sentenza acolle os argumentos do Concello:

1. O coeficiente redutor está aplicado en orixe, no calendario ordinario. O pretendido polo demandante para o cuadrante nocturno suporía aplicar dúas veces dito coeficiente.
2. Polo que as 460 horas de xornada anual nocturna xa inclúen a compensación por coeficiente redutor de xornada.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento.

**12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00045659N.**

**Dar conta da sentenza núm. 220/2022 recaída na AP 4078/2022 do Procedemento Ordinario 209/2019 CA2.**

Dase conta da sentenza nº 220/2022. AP 4078/2022 TSX, PO 209/2019 CA2

Obxecto: non admisión da solicitude de revisión da licenza concedida no 2006 a Fenurbe SL para a construción dun edificio na Av. Cruceiro da Coruña.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

O recorrente cuestionaba a licenza outorgada porque estaba sometida á condición de execución dun novo viario, que non existe; ademais de non respectar as servidumes da súa parcela.

O Concello primeiro, e o Xulgado despois, viñan de non admitir a revisión de oficio da licenza ao considerar que o demandante era coñecedor da licenza, podendo impugnalala; mentres que a revisión de oficio, excepcional, non pode funcionar coma unha sorte de segundo recurso. Ademais, o Xulgado engadiu que unha vez aprobado e en vigor o novo PXOM, a licenza era conforme coas súas determinacións, máis tendo en conta que a promotora, e precisamente para obter a licenza, fixo as cesións necesarias para a construción do viario.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de ordenación, do 06.10.2022, declárase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

**13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00040838K.**

**Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviada 288/2021 CA1.**

Dase conta da sentenza nº 322/2022. PA 288/2021 CA1

Obxecto: dilixencia de constrinximento por falta de pago de IBI.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A sentenza acolle o primeiro argumento da defensa municipal: a non admisión do recurso contencioso por non esgotar a vía administrativa previa a través do recurso de reposición do art. 14.2 TRLRFL.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola súa firmeza.
3. Remitir ao Servizo de Tesourería – Recadación para o seu coñecemento.

**14. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00045797N.**

**Dación de conta da providencia de 5-10-22 recaída no RC 2267/2022 PO 4356/2018 TSX.**

Dase conta da providencia 05.10.2022. RC 2267/2022, PO 4359/2018 TSX

Demandante: TUGALO SLU

Obxecto: modificación PXOM – Hospital Galeras.

A providencia de inadmisión do recurso de casación é favorable para o Concello.

A Sentenza do TSX viña de desestimar o recurso contra a modificación da ordenanza OE-5 do PXOM na súa dobre impugnación: o cambio de usos do antigo Hospital de Galeras, e a previsión dun segundo aparcadoiro público no subsolo da ZV.G (ZV-38).

Por dilixencia de ordenación, do 01.02.2022, comunicouse ás partes a interposición de recurso de casación ante o Tribunal Supremo; e subsidiario por infraccións de normas de Dereito autonómico ante a Sala Especial do TSX.

Por Auto do 07.03.2022 do TSX foi tido por preparado o recurso; e remitido ao Tribunal Supremo, xunto cos autos e expediente administrativo.

Por Providencia do 05.10.2022, da Sección 1ª da Sala do Contencioso do Tribunal Supremo o recurso non foi admitido a trámite, ao considerarse que as normas de Dereito estatal que se dicían vulneradas tiñan un exclusivo carácter instrumental. A Providencia é firme.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

3. Agardar polos pronunciamentos do TSX sobre a preparación e admisión ou non do recurso autonómico.

**15. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00045880A.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 7 ao 13 de outubro de 2022.